



CONSERXERÍA

Despois de comprobar coa dirección ou, en caso de ausencia deste, cun membro do equipo directivo que a emerxencia é real procederá:

- Tenta extinguir o lume cun extintor.
- Lembre que se a porta do incendio está pechada realizar o protocolo de apertura de porta (tocala co dorso da man para verificar grao de calor da estancia, abríla dende a protección da parede e mirar estado da estancia cara a parte baixa da porta).
- No caso de non poder controlar o lume procederase á evacuación do centro.
 - Corte de subministracións na zona afectada pola emerxencia.
 - Bloquee os ascensores.
 - Apertura do portalón ou barreira de acceso ao centro (acceso a emerxencias externas).
 - Apertura das portas principais do centro.
 - Active o sinal de alarma se así llo indica a dirección ou un membro do equipo directivo.
- Corte subministración de instalacións enerxéticas xerais do centro (gas, electricidade, gasoil...etc).
- Diríxese ao punto de encontro (conserxería) ou de reunión (punto exterior) e informa a dirección das tarefas realizadas.
- Unha vez acabadas as súas tarefas dirixase a cada unha das entradas principais do centro co fin de impedir a entrada o mesmo.

Recomendacións:

Guía de boas prácticas durante a evacuación

- **Manteña a orde ó saír, non corra, non berre e fale o menos posible.**
- **Axude e sexa solidario con aqueles que por calquera causa teñan diminuídas a súas facultades físicas (é conveniente asignar persoal que no caso de emerxencia puidesen axudar).**
- **Evite a curiosidade; e se a súa presenza non é necesaria non debe permanecer en zonas de conflito ou evacuación.**
- **Utilice as vías e portas de evacuación que están marcadas e sinalizadas, seguindo as indicacións e dirección sinalizada.**
- **Non se demore recollendo obxectos persoais.**
- **Non utilice os ascensores nin ramplas mecánicas durante a evacuación.**
- **Realice a evacuación a rentes do chan no caso de presenza de fumes.**
- **Se queda bloqueado nunha estancia, deixe as portas pechadas, abra las ventás e axite os brazos pedindo axuda.**

DIRÍXASE Ó PUNTO DE REUNIÓN FIXADO E PERMANEZA NEL ATA RECIBIR INSTRUCCIÓNS.



No PUNTO DE REUNIÓN:

- Buscará a un membro do equipo de identificación e control (equipo directivo) que está con chaleco e transmitiralle todos os traballos realizados.
- Unha vez acabadas as súas tarefas irá á entrada principal do centro e impedirá a entrada o memo.

